

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xullo de 2013

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e seis de xullo de dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asiste o deputado provincial do Grupo Socialista don José Víctor González Vázquez.

Antes do inicio da orde do día, **o Sr. presidente** di que quixera comezar dando os bos días a todos, pero nestes momentos tan difíciles que se están a vivir en Galicia non é fácil. A continuación dá lectura á unha declaración institucional da Deputación de Ourense, que se vén de aprobar conxuntamente cos voceiros dos tres grupos políticos representados na Corporación Provincial. A declaración institucional di o seguinte: *A cidadanía ourensá, representada politicamente aquí polas deputadas e deputados que conforman a totalidade desta Corporación provincial, quere transmitirles as súas condolencias aos familiares das vítimas provocadas polo accidente ferroviario acontecido en Santiago de Compostela e lamenta fondamente esta traxedia. Os tres grupos políticos da Corporación Provincial amosan a súa consternación polo grave accidente, recoñecen a lección de solidariedade mostrada polo pobo galego diante deste drama, e, ao mesmo tempo, queren agradecer o traballo que están a realizar os servizos sanitarios, de emerxencias e as foras e corpos de seguridade, a favor das vítimas e de apoio aos seus familiares, nun momento no que Galicia está sumida nunha fonda tristura. O pleno da Deputación de Ourense únese así á dor das familias e expresa neste acto o seu fondo pesar polo acontecido, cun sentimento de máximo respecto e solidariedade. En Ourense, o 26 de xullo de 2013.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xullo de 2013

O Sr. presidente anuncia que se vai gardar un minuto de silencio, tal e como se acordou na reunión extraordinaria da Xunta de Portavoces que tivo lugar antes do Pleno.

A continuación a Corporación en pleno garda un minuto de silencio polas vítimas do accidente ferroviario de Santiago de Compostela.

O Sr. presidente comunica, porque así llo fixeron chegar os portavoces dos grupos, que se retiran do debate desta sesión (que se incluírán nunha sesión posterior) os puntos terceiro (moción do BNG sobre a retirada do proxecto de Rede Eléctrica de España), cuarto (moción do Grupo Socialista de apoio ás/aos traballadoras/es de Unitono no Parque Tecnolóxico de Galicia), quinto (moción do BNG contra a política educativa da Xunta de Galicia), así como unha moción de urxencia presentada polo Grupo Socialista sobre as subvencións nominativas.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos seguintes asuntos da orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2013 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 8 DE XULLO DE 2013.-

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 28 de xuño de 2013 e á extraordinaria do día 8 de xullo de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobadas as ditas actas por unanimidade.

2º.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA INTEGRAL E COOPERACIÓN FINANCEIRA NA XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (8) e dos do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Declarar resolto e extinguido, en execución da sentenza n.º 725/2012, do 12 de xullo, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o convenio de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xullo de 2013

1 de decembro de 2009, subscrito entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Pereiro de Aguiar, para a prestación de asistencia técnica integral e cooperación financeira na xestión do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

Non obstante o anterior, a Deputación Provincial de Ourense continuará realizando as prestacións a favor do Concello de Pereiro de Aguiar previstas no dito convenio, ata tanto o Concello de Pereiro de Aguiar non dispoña efectivamente dun modo alternativo para a prestación do servizo, co fin de garantir a continuidade e normalidade na súa prestación.

A liquidación do convenio será aprobada pola Presidencia da Deputación Provincial, unha vez que se produza o cesamento efectivo na súa execución. Na dita liquidación incluíranse os servizos efectivamente prestados no exercicio 2013 que non fosen obxecto de facturación pola Deputación ao Concello, nas condicións previstas na cláusula 1ª, apartado 3, parágrafo 2º, do convenio.

En todo caso, a devolución das achegas realizadas pola Deputación ao Concello en concepto de cooperación financeira para investimentos en infraestruturas de abastecemento de auga (achega que xa lle foi librada completamente ao concello ao inicio da execución do dito convenio) serán devoltas por este nos prazos previstos no convenio.

2º.- Comunicarlle este acordo ao Concello de Pereiro de Aguiar, requiríndolle para que inicie o procedemento necesario co fin de poder dispoñer, á maior brevidade posible, dun modo efectivo de xestión do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

3º.- Comunicarlle á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o presente acordo, para os efectos oportunos.

6º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA COMPLEMENTARIA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0209 CELANOVA-QUINTELA DE LEIRADO, NO MUNICIPIO DE CELANOVA.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Resolver as alegacións formuladas por D. Serafín Manuel Suarez Santalices, consonte co informe emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense, nos termos que se expoñen a continuación:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xullo de 2013

a. Alega o expropiado, en canto a expropiación da vivenda (parcela catastral n.º 5101), que esta debe levar consigo a das dúas parcelas lindeiras que tamén lle pertencen ao expropiado (parcelas n.º 2443 e 2444, polígono 519), o cal non se axusta ao establecido no fallo da sentenza, a cal condena á Administración á expropiación da vivenda, non de todas as parcelas que teña o expropiado a carón da vivenda. Polo tanto, inclúese na relación de bens e dereitos a parcela na que se atopa a vivenda (parcela n.º 5101), coas dúas edificacións existentes nela (vivenda principal e bodega).

b. En canto á expropiación da totalidade da parcela n.º 2425, acéptase a superficie de 1.918,43 m² alegada polo expropiado. En canto ás plantacións e construcións existentes na parcela, segundo o informe emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense, valóranse as árbores de diámetro entre $50 \geq D \geq 10$ cm e o resto das plantacións considéranse cun diámetro menor a 10 cm. Non se valoran os comprendidos entre 1 e 4 mm de diámetro. Baseándose nisto, inclúense na relación de bens e dereitos 24 carballos de diámetro $50 \geq D \geq 10$, e con diámetro inferior a 10 cm a existencia de 125 árbores. Polo que se refire ao muíño en estado ruinoso ao que fai referencia o expropiado, só se aprecia a existencia dunhas pedras derrubadas que deberon pertencer ao citado muíño. En canto ao valado, inclúense na relación de bens e dereitos 101,20 m².

2º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación dos bens e dereitos expostos no apartado 1) do presente acordo, en cumprimento da citada sentenza.

N.º parcela expte.	N.º parcela/pol. catastro	Tipo parcela	Bens	Propietarios	M ² expropiados
1	5101	solo non urbanizable de núcleo rural	vivenda unifamiliar e bodega	Serafín Manuel, Odilo e Carlos Suárez Santalices	345,00
2	640/10	solo de expansión de núcleo rural	valado 101,20 m ² 24 carballos (50 ≥ d ≥ 10) 125 árbores (inf. 10 cm)	Serafín Manuel, Odilo e Carlos Suárez Santalices	1.918,43

3º.- Notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xullo de 2013

7º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2013, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL DO CONCELLO DE TRASMIRAS, CORRESPONDENTE AO PLAN PROVINCIAL.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2013 no relativo á obra municipal n.º 77/POS/2013 “Construción Centro Socioeconómico Escornabois” correspondente ao Concello de Trasmiras, quedando fixado o seu orzamento de execución na cantidade de 127.767,80 € - en substitución do importe de 41.300,00 € recollido no acordo que se modifica-, cunha achega de 30.975,00 € con cargo ao orzamento da Deputación e unha achega a cargo do concello polo importe restante.

8º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE ABRIL DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de abril de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

9º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE ABRIL DE 2013 E DO 1º ADICIONAL DE MARZO DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de abril de 2013 e do 1º adicional de marzo de 2013.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xullo de 2013

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

10º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 11:15 horas do citado día vinte e seis de xullo de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,